

Éticas materiais e éticas formais

O filósofo ilustrado Immanuel Kant (1724–1804) distingue entre as éticas materiais e as éticas formais. Esta distinción alude á división xeral da ética nas súas dúas concepcións: material e formal.

Éticas materiais ou teleolóxicas

Son aquelas éticas que poñen en relación a nosa obrigação moral (o que debemos facer) coa obtención dun obxectivo a alcanzar por medio da nosa acción. Así, a bondade da conducta humana estará en función da consecución dun resultado que é considerado o ben supremo para o home. Debemos seguir unha norma de conduta concreta, porque leva a conseguir o ben no que se funda o deber.

En resume, este tipo de éticas sitúan o valor dunha acción na consecución dun fin (télos) que é considerado o ben último ao que tende o home.

Dependendo da concreción do tipo de ben a lograr, haberá filosofías morais materiais de contidos distintos:

- Se identificamos Ben e pracer, temos o hedonismo. (Epicuro de Samos, s. IV-III a. C.).
- Se equiparamos Ben e felicidade, obtemos o eudemonismo. (Aristóteles, s. IV a. C.).
- Se a ecuación é: Ben = utilidade, o resultado é o utilitarismo. (Jeremy Bentham, s.XVIII- XIX e John Stuart Mill, s.XIX).

Segundo Kant, todas as éticas materiais son heterónomas, porque estas impoñenlle ao individuo unhas determinadas normas para acadar un fin específico; mentres que Kant considera a súa propia ética de carácter autónomo, xa que é o propio suxeito moral quen se dita a se mesmo as normas e os fins que rexen a súa conducta moral.

Éticas formais ou deontolóxicas

As éticas formais son aquelas que se rexen polo principio do deber polo deber. Isto significa que se unha regra de conducta é considerada como deber universal, entón pode considerarse tamén unha norma moral lexítima que hai que seguir sempre, sexan cales sexan as circunstancias.

Neste tipo de éticas non é importante a materia, o contido da norma pola que se rexe o acto, senón a forma da norma, é dicir, que sexa unha norma universal. Para este tipo de éticas o importante é a intención da conduta e a súa conformidade coa lei da obrigação moral. Unha norma é lei moral cando é xerabilizable ou universalizable. A razón práctica que determina a miña vontade establece unha norma capaz de guiar o meu obrar e o de calquera outra conduta persoa.

Este tipo de éticas son filosofías morais do deber, do recto, nas que a bondade da conducta non se establece atendendo ás consecuencias derivadas da actuación, senón á adecuación coa lei moral que procede da túa propia conciencia moral.

Resumindo, as éticas formais sitúan o valor moral dunha acción no cumprimento do deber polo deber, pero trátase dun deber que emana da propia conciencia moral da persoa, polo que se di que estas éticas son autónomas.

A ética formal máis representativa é a de Kant, aínda que tamén hai formalismo moral no existencialismo de Sartre (s. XX), na filosofía analítica (Moore, Russell, Wittgenstein, s.XX) ou na Escola de Frankfurt (Habermas, s. XX).